

L'INCONTRO

Rúa do Villar, 52

15701, Santiago de Compostela, A Coruña

Teléfono: 881 031 386

Web: www.restaurantelincontrosantiago.es

Correo: rist.lincontro@gmail.com



INFORMACIÓN XERAL

Atención ao público e outra información de interese

- Dentro da carta dispón de pratos para celíacos, diabéticos e vexetarianos.
- A carta está redactada con letra pequena, non dispoñen de carta alternativa con textos en maior dimensión, fotos ou braille.
- Non dispoñen de persoal con coñecemento da lingua de signos.
- Permítese o acceso con can guía e/ou asistencia.
- Non dispoñen dun plan de evacuación para persoas con discapacidade.

Acceso e zona de atención ao público

- Contorna de acceso peonil, as zonas de aparcadoiro atópanse fóra da améndoa do casco antigo.
- O pavimento é de pezas de pedra de gran tamaño.
- Desnivel de 7,5cm no acceso desde a rúa.
- Porta de acceso batente ao exterior parcialmente de vidro sempre aberta.
- Accédese directamente a zona de comedor, quedando a barra á dereita tres metros máis adiante.
- Barra a unha soa altura a 108cm.

ACCESIBILIDADE FÍSICA

BAR

Localización e itinerario

- O itinerario interior non ten desniveis. O pavimento atópase en bo estado.

Características

- Non existes desniveis no interior.
- A anchura mínima do espazo de circulación é de 1,25m.
- Pavimento homoxéneo en bo estado
- Asentos móbiles con respaldo en barra de 78 cm de altura.

SALÓN COMEDOR

Localización e itinerario

- Mesas dispostas desde a zona de entrada.

Características

- O itinerario interior non ten desniveis. O pavimento atópase en bo estado.
- A anchura mínima do espazo de circulación é de 1,05m na zona interior do salón.
- Lámpadas a 1,83m de altura en zona de comedor.
- Mesas cadrases e rectangulares de diferentes dimensións. Alto de mesa de 75 cm e ancho baixo a mesa de 71cm.

ASEO ADAPTADO

Localización e itinerario

- Situados ao final da zona de comedor, é necesario atravesar todo o establecemento.
- Dispón de aseo adaptado compartido co feminino.

Entrada ao aseo

- Sinalización exterior co SIA a unha altura de 2,20m, sobre o marco da porta.
- Porta batente ao interior cun ancho de paso de 90cm.
- Apertura mediante picaporte.

Cabina

- Dispón dunha cabina adaptada.
- Sinalización interior con SIA e pictograma feminino a 1,60m de altura.
- Porta corredía cun ancho de paso libre de 90cm.
- Mecanismo con uñeiro sobre a folla da porta e sobre o canto.
- Mecanismo de peche mediante pasador fixo non manipulable co puño pechado ou co cóbado.
- Diámetro de xiro exterior de 1,30m e interior de 1,60m.
- Control de iluminación por sensor.
- Carece de sistema de alarma.

Lavabo

- Lavabo dentro da cabina con billa monomando centrado.
- Lavabo a 85cm de altura, con oco inferior de 72cm de altura libre e un fondo de 43cm.
- Espello fixo a 119cm de altura. Non se atopa sobre o lavabo.
- Dispón de dispensador de xabón a 102cm de altura e seca mans a 142cm.

Inodoro

- A aproximación frontal ten unha amplitude de 1,46cm..
- Conta con espazos de transferencia a ambos os dous lados, 65cm ao lado dereito e 77cm do esquerdo.
- Ambas as barras son abatibles a unha altura de 79cm. A separación entre elas é de 90cm.
- A altura de uso do asento, inodoro máis táboa, é de 42cm.
- Mecanismo de descarga de pequena dimensión sobre cisterna. Non se pode activar co cóbado o puño pechado e require un esforzo baixo.

ACCESIBILIDADE VISUAL

BAR

Localización e itinerarios

- Entre o acceso e a barra atopamos mesas a man dereita e zona de servizo a mesas con almacenaxe de enxoval e produtos.

Características

- Porta interior parcialmente de vidro con elementos de contraste.
- O establecemento carece de equipamentos específicos para discapacidades visuais.
- A luz é homoxénea e suave.

SALÓN COMEDOR

Localización e itinerarios

- As mesas de comedor empezan a distribuírse desde o punto de acceso ao local.

Características

- O establecemento carece de equipamentos específicos para discapacidades visuais.
- A luz é homoxénea e suave.

- En zona de mesas existen lámpadas colgadas a unha altura de 183cm.

Aseos

- Carecen de sinalización en braille e alto relevo
- A cor dos elementos non destaca con respecto a paredes e chan.
- En caso de emerxencia, a alarma é visual, non existe indicación en aseos.

ACCESIBILIDADE AUDITIVA

BAR

- O establecemento carece de equipamentos específicos para discapacidades auditivas.

SALÓN COMEDOR

- Dispón de carta escrita con letra de pequena dimensión.
- Non dispoñen de persoal signante.

ASEO

- Están sinalizados.
- Na cabina, o pasador fixo non ten un sistema exterior indicando estado de libre ou ocupado.
- A porta non ten a parte inferior libre para ver se hai alguén dentro da cabina.
- En caso de emerxencia, non conta con sistema de alarma visual.